



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Orientación ocupacional	Código	652G03021	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación			
Coordinación	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves Rebollo Quintela, Nuria	Correo electrónico	neves.arza@udc.es nuria.rebollo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A orientación ocupacional, tamén chamada orientación laboral e orientación para o emprego, é unha actividade destinada ás persoas desempregadas. A súa finalidade é a adquisición e/ou mellora dalgúns dos factores persoais implicados na inserción laboral. A orientación laboral é un dos ámbitos profesionais do/a educador/a social.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Caracteriza-lo desenvolvemento institucional da orientación ocupacional e a súa situación actual (accións e metodoloxías utilizadas e profesionais que as levan a cabo)	A1 A3		
Adquirir coñecementos, destrezas e actitudes para a propia inserción profesional			C7
Comprender as implicacións dos cambios producidos no mercado laboral para a concepción e a praxe da orientación profesional e ocupacional	A5		C4
Analizar e deseñar actuacións de orientación ocupacional non sexista e reflexionar sobre o seu papel na consecución da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.	A5 A9	B4	C4
Adquirir unha actitude reflexiva, crítica e transformadora ante ás problemáticas que atende a orientación ocupacional, analizando e valorando as súas achegas e as súas limitacións na consecución dun emprego e na promoción da igualdade de oportunidades.	A14		C4
Comprende-la terminoloxía específica e usala axeitadamente		B6	C1
Analiza-las bases teóricas da orientación ocupacional e comprender as implicacións para a súa praxe	A2		
Analizar e deseñar intervencións no campo da orientación ocupacional	A6 A9 A21	B1 B6	
Coñecer, consultar e valorar recursos para a práctica da orientación ocupacional.	A15		
Analiza-lo perfil profesional dos profesionais da orientación ocupacional, identificar as competencias necesarias para o seu desempeño e valorar a importancia e necesidade de formación ó longo da vida.	A1		C3
Consolidar hábitos de traballo cooperativo e potencia-las habilidades e actitudes sociais necesarias no desenvolvemento profesional		B5	



Adquirir actitudes e destrezas de indagación que posibiliten o estudo independente e a formación permanente.			C3 C7
Identificar os colectivos con especiais dificultades de inserción, analizar as súas características en relación cos factores de inserción laboral e coas necesidades de formación e orientación e valorar as implicacións para a orientación.	A2 A20	B4	C4
Identificar e valora-los posibles usos de Internet para as persoas que buscan emprego e para os profesionais da orientación laboral	A15		C3
Explorar o mercado profesional do/a educador/a social no campo da orientación e formación profesional	A1		

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1. Mercado laboral e Formación Profesional	4.1. Características do mercado laboral: implicacións para a concepción e para a praxe da OP 4.2. Terminoloxía específica, finalidades e ordenación da Formación Profesional. 4.3. A acreditación de competencias 4.4. Saídas profesionais para os/as educadoras/es sociais na Formación Profesional
TEMA 2. Delimitación conceptual e bases teóricas da orientación ocupacional	2.1. Orientación Profesional e Orientación Ocupacional: delimitación conceptual, relacións e aclaracións terminolóxicas 2.2. Enfoques explicativos da inserción 2.3. Modelos de intervención 2.4. Itinerarios personalizados de inserción e colectivos con especiais dificultades de inserción 3.2. A integración do enfoque de xénero na orientación ocupacional: finalidades e implicacións no deseño de programas e de itinerarios personalizados de inserción.
Tema 3. Áreas de intervención, integración das TICs e recursos para a praxe da OO	3.1. Áreas de intervención: que son e cales son ? 3.3. Internet e web 2.0: ámbitos de utilización na orientación ocupacional 3.4. Recursos para a praxe da orientación ocupacional
Tema 4. Desenvolvemento institucional, situación actual da orientación laboral e perfil profesional dos/as orientadores/as laborais.	1.1. Principais acontecementos e tendencias no desenvolvemento institucional da OP 1.2. A orientación nos servizos públicos de emprego, nas accións de formación para o emprego e nos programas e proxectos de inserción sociolaboral. Análise da situación en Galicia e no resto das CCAA. 1.3 Perfil profesional do/a orientador/a laboral 1.4. A inserción laboral como ámbito profesional das/os educadoras/es sociais

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	3	21	24
Estudo de casos	7	23	30
Presentación oral	1	1	2
Proba mixta	0	10	10
Simulación	14	40	54
Sesión maxistral	21	7	28
Atención personalizada	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	As actividades de análise documental céntranse na utilización dos recursos bibliográficos e webgráficos necesarios para a realización dos estudos de caso e da actividade de simulación.
Estudo de casos	As actividades de estudos de caso consisten na elaboración dun itinerario de formación e no deseño dunha proposta de intervención que integre a perspectiva de xénero. Estas dúas actividades son grupais (catro persoas) e inscríbense nas características da aprendizaxe colaborativa.
Presentación oral	Consiste na defensa e presentación da actividade de simulación e dos estudos de caso.
Proba mixta	Está orientada á avaliación das aprendizaxes relacionadas co saber e saber facer. Consta de cinco preguntas, catro sobre os contidos teóricos e unha sobre a actividade de simulación.
Simulación	Consiste no deseño de actuacións para a inserción laboral requeridas nunha convocatoria pública simulada. Esta actividade realízase conxuntamente coa materia de Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables. A súa finalidade é promover a aprendizaxe autónoma e colaborativa baixo a tutela e seguimento da profesora. Realizarase en grupo (mínimo de catro e máximo de seis persoas).
Sesión maxistral	O método expositivo vai ser utilizado para presentar, explicar e sintetizar os contidos de cada un dos temas do programa.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Simulación Presentación oral	A atención personalizada ten como finalidades a supervisión e seguimento das actividades de estudo de casos, de simulación e de preparación da presentación oral. Para a actividade de simulación é obrigatoria a asistencia a tres sesións de tutoría.

## Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	As actividades de estudos de caso consisten na elaboración dun itinerario de formación e no deseño dunha proposta de intervención que integre a perspectiva de xénero. Estas dúas actividades son grupais (máximo catro persoas) e inscríbense nas características da aprendizaxe colaborativa. Ambas dúas actividades son aplicables a actividade de simulación.	15
Simulación	Actividade grupal. Consiste no deseño de actuacións para a inserción laboral requeridas nunha convocatoria pública simulada. Esta actividade realízase conxuntamente coa materia de Acción Socioeducativa con Minorías e Colectivos Vulnerables. A súa finalidade é promover a aprendizaxe autónoma e colaborativa baixo a tutela e seguimento da profesora.	35
Proba mixta	Integrará preguntas de resposta breve e de resolución de casos prácticos relacionados cos estudos de caso ou coa actividade de simulación.	50

## Observacións avaliación



Para superar a materia é imprescindible obter a metade da cualificación outorgada a cada unha das tres actividades que computan na avaliación.

Na

convocatoria de xullo só se valora a proba mixta que incrementa o seu valor até

10.

&nbsp; As actividades grupais van ser obxecto de autoavaliación e coavaliación. Os seus resultados van se reflectir na cualificación global.

Poden realizarse actividades optativas polas que se poden acadar até 2 puntos. Estas actividades van ser presentadas na primeira semana de aulas e o alumnado interesado&nbsp; ten que&nbsp; comunicarse&nbsp; na última semana de setembro&nbsp; que actividades vai realizar.

Aquelas persoas que, por razóns debidamente acreditadas non podan ter unha asistencia superior ó 85%, poden acollerse a unha modalidade

de avaliación específica. Para poder optar&nbsp; esta modalidade&nbsp; hai que contactar&nbsp; a máis tardar&nbsp; o 18 de setembro ou cando se produza a circunstancia que impida a asistencia ás aulas.&nbsp;

coa docente para concretar as actividades de avaliación e o proceso de

supervisión e seguimento das mesmas. Para estes casos varia&nbsp; o peso na cualificación global das actividades de avaliación&nbsp;

e engádesse a elaboración dun informe sobre as aprendizaxes e competencias adquiridas.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Alastruey, R. (2009). Empleo 2.0.. Barcelona: Editorial UOC</li> <li>- Cobos, A; Gutiérrez_Crespo,E e Planas, A. (2012). La orientación profesional y la búsqueda de empleo. Experiencias innovadoras y técnicas de intervención que facilitan la inserción laboral. . Barcelona: Editorial Grao</li> <li>- Manzano, Nuria (2011). Orientación laboral con jóvenes en riesgo de exclusión social. Madrid: Editorial Sanz y Torres</li> <li>- Sánchez García. María Fe (2004). Orientación laboral. Para la diversidad y el cambio. Madrid: Editorial Sanz y Torres</li> <li>- Echeverría, Benito (coord) (2008). Orientación profesional. Barcelona: Editorial UOC</li> <li>- Sobrado, L. e Cortés, A ( (2009)). Orientación profesional: nuevos escenarios y perspectivas. Madrid: Biblioteca Nueva</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	- Sánchez García. María Fe ( 2004). Orientación laboral. Para la diversidad y el cambio. Madrid: Editorial Sanz y Torres

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Orientación e políticas de emprego/652G03031

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables/652G03022

Métodos de avaliación de programas/652G03023

Orientación e políticas de emprego/652G03031

### Materias que continúan o temario

## Observacións

A materia optativa Orientación e Políticas de Emprego&nbsp; profundiza na crise de emprego e nas políticas de emprego que se están a desenvolver na actualidade.&nbsp;

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

